

GUÍA PARA ELABORAR O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Sofía Rama Lorenzo



eu
ensino
en
galego



GUÍA PARA ELABORAR O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Sofía Rama Lorenzo

Índice

LIMIAR	7
XUSTIFICACIÓN	9
QUE É UN PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO?	13
PARA QUE SERVE UN PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO?	17
COMO SE ELABORA UN PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO?	23
DECRETO 79/2010 PARA O PLURILINGÜISMO	23
PROPOSTA NORMALIZADORA	25
Características	26
Estrutura	26
Fases	27
Ferramentas	36
GUÍA PARA ELABORAR UN PLC	37
CONCLUSIÓN	43
REFERENCIAS	45
ANEXOS	49

Limiar

Coa publicación desta *Guía para elaborar o Proxecto Lingüístico de Centro*, desde a CIG-Ensino perseguimos o obxectivo de poñer a disposición do profesorado un recurso que lle permita deseñar un instrumento para a normalización da lingua propia de Galiza desde o seu centro de ensino.

O contexto sociolingüístico que vivimos, de coexistencia diglósica, conflitiva e desequilibrada entre castelán e galego pode levar cara a unha progresiva desaparición deste, tal como agoiran os estudos máis recentes sobre o seu uso e competencia entre a poboación máis nova. É por iso que consideramos necesario que as e os falantes galegas se decidan a usar a lingua propia do seu país. De pouco serviría unha planificación institucional impecábel ou unha intensa actividade de asociacións de fomento da lingua, se o elemento básico da sociedade, o individuo, non asumise o seu papel decisivo no proceso normalizador; pois, a lingua vive nos seus falantes e o día en que estes desapareceren quedará reducida a unha reliquia.


Xa que logo, cada unha e cada un de nós temos un papel central no proceso de normalización lingüística como galegas e galegos; mais tamén **temos un papel protagonista como docentes por sermos modelos de lingua para o noso alumnado**. En consecuencia, desde a CIG-Ensino queremos facer un chamamento á comunidade educativa, a cada docente, para que non sexa indiferente á situación social que vive o galego e, desde unha conciencia lingüística crítica, decida implicarse no proceso normalizador.

Cómpre indicar que a CIG-Ensino apoiou, xunto con outras entidades, no ano 2020 a Proposta de Normalización do galego impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística que pretendía reverter os efectos perversos de dez anos dunha política lingüística perversa nun documento que procuraba sentar as bases para converter o galego na lingua vehicular no ensino. O documento aprobado optaba por unha aplicación diferenciada de modelo lingüístico segundo as distintas etapas educativas e os estudos previos sobre o contexto sociolingüístico do centro. Segundo estes, aplicaría un «Modelo A» no que o galego sería a lingua vehicular e de aprendizaxe de todo sistema educativo no máximo que permitise o marco legal e un «Modelo B», transitorio, no que o galego fose lingua vehicular como mínimo do 50% de áreas ou materias do alumnado. Cinco anos máis tarde e coa lexislación na man, somos conscientes, sen rendernos nos nosos obxectivos a longo prazo, de que neste momento é preciso botar man de recursos como os proxectos lingüísticos de centro que a seguir presentamos para estear o noso labor nunha situación sociolingüística como a actual. Desexamos pois que esta ferramenta sirva de apoio e de elemento aglutinador do profesorado que, comprometido coa nosa lingua, queira traballar desde os centros de ensino para reverter a situación de emerxencia lingüística que vivimos.

Xustificación

O 11 de outubro de 2024 o Instituto Galego de Estatística (IGE, 2024)¹ publicaba os datos de uso e coñecemento do galego e deitaba resultados moi preocupantes para a lingua propia de Galiza, especialmente no referido ás novas xeracións; pois eses datos evidenciaban que máis da metade da poboación utiliza habitualmente en maior medida o castelán do que o galego e que entre a poboación de 5 a 14 anos o 32,4% non ten competencia na lingua galega. Os medios enchéronse de titulares que alarmaban sobre o devalo do idioma, culpaban do mesmo o *Decreto de plurilingüismo* e reclamaban outra política lingüística por parte da Xunta de Galiza.

A CIG-Ensino² falou de «política lingüicida» do goberno galego e denunciou a situación de «emerxencia» na que se atopa o idioma pola rapidez coa que se están a producir os cambios nos hábitos lingüísticos da poboación, se se observan os datos na secuencia histórica dos últimos quince anos.



Fonte: CIG-Ensino.

- 1 Instituto Galego de Estatística (11-10-2024). *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*, dispoñible en https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206004
- 2 CIG-Ensino. «A Xunta xa conseguiu o seu obxectivo: o castelán é o idioma predominante en Galiza», dispoñible en <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-xunta-xa-conseguiu-o-seu-obxectivo-o-castelan-e-o-idioma-predominante-en-galiza.html>

Pola contra, para o secretario xeral da Lingua, Valentín García, a enquisa do IGE poñía de manifesto que «7 de cada 10 persoas se comunican en galego» e que os datos revelaban que «a lingua cooficial maioritaria no territorio español seguía a ser a galega». Seguramente porque esas declaracións triunfalistas non reflectían a realidade, poucos días despois de que o IGE publicase o informe que certificaba a perda de falantes de galego –maioritariamente entre a mocidade–, a Xunta da Galiza encargou unha enquisa a Sondaxe sobre a percepción social do galego. O documento recolleu a opinión de só 1.200 persoas, pero serviulle aos responsables da política lingüística do goberno galego para ignorar a crise pola que transita o idioma.

A Real Academia Galega (RAG, 2024)³ sumouse ás voces de alarma, falou dunha situación «ao limiar do colapso» e, servíndose dos datos do IGE e dos seus propios estudos, coa intención de realizar o diagnóstico da situación social do galego e avaliar as políticas lingüísticas postas en práctica en Galiza nas últimas décadas, publicou en 2024 o *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)*. As súas conclusións complementan e ratifican algunhas das denuncias arredor da situación actual da lingua, recollidas na *Proposta* de A Mesa et al. (2020):

- ▶ Por primeira vez, o galego perde a condición de lingua habitual da maior parte da poboación: descendeu en 400.000 individuos, mentres que o de falantes de castelán se incrementou en 380.000 individuos.
- ▶ A situación na franxa de poboación máis nova é moito peor: a caída nas dúas décadas que van desde 2003 a 2023 é descomunal: 34.000 galegofalantes de 5 a 14 anos, fronte a uns 180.000 do castelán.
- ▶ Só a metade da poboación considera a súa competencia lingüística en galego satisfactoria, e esta porcentaxe vai a menos, mentres que aumenta a das persoas que a consideran escasa ou nula.
- ▶ A maioría dos individuos que aprenden a falar en castelán manteñen a súa lingua e tenden cara ás prácticas monolingües, mentres que os que aprenderon a falar en galego manteñen menos a súa lingua e tenden máis cara ás prácticas bilingües. Ademais, a maioría dos individuos que aprenderon a falar nas dúas linguas acaban priorizando o castelán como lingua habitual.
- ▶ Nos ámbitos urbanos e periurbanos a integración no sistema de ensino ten un efecto netamente castelanizador. Non obstante, este efecto non se debe tan só á lingua formal da docencia, senón á presión da lingua de iguais.

³ Real Academia Galega (2024) *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)*. Real Academia Galega. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/445/448/656>

- O modelo educativo actual non está cumprindo os mandatos legais de adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galiza. Por tanto, existe unha disonancia patente entre os obxectivos da lei e as fórmulas aplicadas para logralos.
- Os sucesivos informes do Consello de Europa alertaron do incumprimento en Galiza dos compromisos recollidos na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM). Nos dous máis recentes, o de 2019 e o de 2024, o organismo europeo sitúa o modelo lingüístico no sistema educativo como unha das principais pexas e fai un chamado claro a modificalo.

A Lei de Normalización Lingüística (LNL 1983), o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE 2020) e os decretos galegos derivados desta última establecen que as autoridades educativas garantirán, ao finalizar a educación básica e obrigatoria, que todas as alumnas e alumnos alcancen o «dominio pleno e equivalente» ou a «competencia en igualdade» nas dúas linguas oficiais do territorio. Non obstante, corenta e dous anos despois da Lei de Normalización Lingüística, o número de galegofalantes é o máis baixo de toda a historia e un terzo dos adolescentes non se senten capaces de falar en galego.

Semella que, como denuncian A Mesa et al. (2020) e argumenta a Real Academia Galega (2024) no seu *Informe*, o modelo educativo actual non está cumprindo os mandatos legais, por tanto é imprescindible o cambio dese modelo educativo para lograr, ademais dos obxectivos legais, a supervivencia do idioma, pois os procesos sociolingüísticos non son irreversibles, se se desenvolve unha planificación lingüística axeitada; no caso contrario, «coa ausencia de políticas lingüísticas acaídas, as linguas minorizadas desaparecen sempre», como afirman os investigadores das universidades de Vigo e La Rioja, Iván Area e Marc Jornet⁴ e demostran co seu modelo matemático para predicir a evolución de cada un dos idiomas nun sistema multilingüístico complexo.

No marco legal no que nos atopamos e en ausencia de políticas lingüísticas acaídas ou mesmo contrarias á normalización da lingua galega, como podemos as persoas docentes axudar a reverter a situación desde os centros de ensino? A través dos Proxectos Lingüísticos de Centro (PLC).

4 Area, I. e Jornet, M. *A Mathematical Analysis for the Dynamics of Multiple Languages*, a través de <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/modelo-matematico-predi-futuro-linguas-que-coexisten>

Que é un Proxecto Lingüístico de Centro?

O concepto de Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) non é novo (Invernón 2019)⁵, está vencellado a propostas didácticas do século pasado que buscan a adquisición e mellora das habilidades lingüísticas a través da interdisciplinariedade, na consideración de que as linguas son instrumentos para a aprendizaxe doutros saberes e vehículos para comunicar eses saberes, non un fin en si mesmas. Neste sentido o PLC desenvólvese a través de metodoloxías activas como o tratamento integrado de linguas (TIL) ou o tratamento integrado de linguas e contidos (TILC).



Do mesmo xeito que o TIL, os PLC chegan ao sistema educativo español na década de 1990, a partir da Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), para desenvolver un ensino bilingüe nos territorios con lingua propia e, polo tanto, con dúas linguas oficiais. Na vangarda da súa introdución atópase Miquel Siguán⁶, coordinador do Seminario «Lenguas y educación».

Os territorios con dúas linguas oficiais foron pioneiros á hora de abordar e implementar os PLC. En 1997, en Cataluña, no País Vasco e na Galiza publicáronse os primeiros artigos e/ou guías arredor dos PLC, como «El proyecto lingüístico en centros escolares gallegos. De la diglosia al bilingüismo» de C. Pérez Recarey e M. Serna. Se ben, houbo que esperar a 2007 para que se presentase a primeira guía e un ano máis

5 Pérez Invernón, A. «El Proyecto Lingüístico de Centro: una evolución necesaria para la mejora de la Competencia en Comunicación Lingüística». *Tejuelo*, nº 30 (2019), páxs. 13-36.

6 Siguán, M. (coord.). *La enseñanza precoz de una segunda lengua en la escuela*, 78-88. Barcelona: Horsori / ICE Universidad de Barcelona.

tarde o primeiro traballo sobre planificación lingüística no eido educativo galego, A *planificación lingüística nos centros educativos* (Fernández, Lorenzo e Ramallo 2008)⁷, que parte da propia Administración da Xunta de Galiza con intención de divulgación masiva e que recolle os obxectivos lingüísticos da Lei de Normalización Lingüística de 1983, os contidos do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) de 2004 e o estipulado no Decreto 124/2007 que regula a presenza do galego no ensino non universitario.

Co cambio de século, o concepto de PLC transfórmase e esténdese por todo o estado, para atender outro tipo de bilingüismo, o das linguas hexemónicas (español e inglés), ou de trilingüismo nos territorios con dúas linguas oficiais, como explica Fabregat (2011)⁸: «o concepto de PLC tende a ensancharse e xira agora, de maneira específica, en torno a dúas propostas metodolóxicas complementarias: o currículo integrado das linguas (CIL) e a aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras (AICLE)». O Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (hoxe SEPIE) presenta con Fernando Trujillo a *Guía para o deseño e posta en marcha dun proxecto lingüístico de centro*. Nela defínese o PLC como a concreción do Proxecto Educativo de Centro (PEC) en relación coa Competencia en Comunicación Lingüística (OAPEE e Trujillo, 2012)⁹.

Porén, en Cataluña e no País Vasco o PLC segue a ser o instrumento para a normalización da lingua propia minorizada. Así, en 2022, como resposta á exigencia do Tribunal Superior de Justicia de Catalunya de asegurar a presenza do castelán en todo o sistema educativo catalán como mínimo nun 25%, o goberno promulga o Decret llei 6/2022, de 30 de maig, pel qual es fixen els criteris aplicables a l'elaboració, l'aprovació, la validació i la revisió dels projectes lingüístics dels centres educatius. Pola súa parte, no País Vasco, en 2023, o goberno promulga a Lei 17/2023, de 21 de decembro, de Educación da Comunidade Autónoma do País Vasco, que dedica o Título IV¹⁰ ás linguas e propón un cambio radical no antigo sistema de modelos, a través do TIL e dos PLC.

Nada fixo o goberno galego ao respecto, a pesar dos sucesivos informes do Comité de Expertos que avalía o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas (CELRM) por parte das institucións españolas (e galegas), a pesar dos datos achegados polo IGE cada catro anos e a pesar dos cambios nas leis educativas no conxunto do Estado. O exemplo das outras nacións históricas serve para destacar varios aspectos necesarios para os PLC galegos:

- 7 Fernández, A., Lorenzo, A. y Ramallo, F. (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galica.
- 8 Fabregat, S. y Gómez, A. (2011). La mejora de la expresión escrita a través de la formación en centros: el proyecto lingüístico en secundaria. *Lenguaje y textos*, 33, 21-28.
- 9 López, A. e Trujillo, F. (coord.) *Guía para o deseño e posta en marcha dun proxecto lingüístico de centro*. OAPEE
- 10 Lei 17/2023, de 21 de diciembre, de Educación de la Comunidad Autónoma del País Vasco, dispoñible en <https://www.euskadi.eus/web01-bopv/es/p43aBOPVWebWar/VerParalelo.do?cd2024000037>

- ▶ O elemento nuclear do modelo lingüístico escolar de Cataluña é o PLC. A Lei de Educación determina que os centros teñen que elaborar, como parte do Proxecto Educativo do Centro, un proxecto lingüístico que enmarque o tratamento das linguas no centro. O PLC ten que incluír os aspectos relativos ao ensino e ao uso das linguas no centro (...), mantendo o **catalán como centro de gravidade do servizo público educativo** de Cataluña. Entre os criterios para a elaboración dos PLC, en coherencia co tratamento integrado das linguas, sinálase a **«inaplicación de parámetros numéricos, proporcións ou porcentaxes no ensino e no uso das linguas»** e o **«uso do catalán como lingua normal na acollida do alumnado»**. (Decreto lei 6/2022)¹¹
- ▶ O Sistema Educativo Vasco defínese como **plurilingüe, articulado en torno ao euskera**. Os centros vascos deben elaborar, como parte do proxecto educativo (PEC), o seu propio PLC que enmarque o tratamento das linguas, coa finalidade de impulsar un sistema plurilingüe, no que o *euskera* se sitúe como eixo central e no que as dúas linguas oficiais e polo menos unha lingua estranxeira se consideran linguas de aprendizaxe. A Administración educativa adoptará medidas para integrar a diversidade de linguas e culturas na aula, desde un punto de vista respectuoso e enriquecedor para o alumnado de orixe estranxeira. (Lei 17/2023, Título IV)¹²

En resumo, existen no Estado español dúas maneiras de entender o PLC. A primeira e máis antiga corresponde aos territorios con lingua propia e dúas linguas oficiais, nos que os PLC, como o TIL, puxéronse ao servizo da normalización lingüística, entendida como un dos obxectivos da Ecolingüística, é dicir, como o proceso para converter a lingua minoritaria e/ou minorizada, no vehículo normal de comunicación dunha comunidade, mediante a recuperación do seu *status* social. Nesta primeira abordaxe, o PLC é un documento que recolle a planificación sociolingüística dos centros educativos e os proxectos para desenvolver a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Plurilingüe dun xeito interdisciplinar, a través da metodoloxía activa do TIL e do TILC, coa fin de promover unha didáctica do plurilingüismo integradora e inclusiva a partir da lingua propia.

Fóra dos territorios socialmente bilingües ou, se se prefere, diglósicos, o concepto de «normalización» no marco do PLC pasa a significar algo ben distinto. É a «unificación dos usos», é dicir, comprende «a procura de formas compartidas de traballo por parte do profesorado que participa nun PLC», no sentido de chegar a acordos globais para abordar de xeito interdisciplinar a CCL. Nesta perspectiva, o PLC non é un documento,

11 Decret llei 6/2022, de 30 de maig, pel qual es fixen els criteris aplicables a l'elaboració, l'aprovació, la validació i la revisió dels projectes lingüístics dels centres educatius, disponible en <https://portaljuridic.gencat.cat/ca/document-del-pjur/?documentId=929826>

12 LEY 17/2023, de 21 de diciembre, de Educación de la Comunidad Autónoma del País Vasco, dispoñible en <https://www.euskadi.eus/web01-bopv/es/p43aBOPVWebWar/VerParalelo.do?cd2024000037>

senón unha metodoloxía de traballo para dar resposta ao tratamento que deben recibir as linguas por parte de todo o profesorado (Fabregat, 2022)¹³:

Na actualidade, o PLC é considerado un espazo de coordinación de todas aquelas medidas que promoven o traballo da CCL nunha institución educativa, tanto no que se refire á lingua materna, como ás segundas linguas e ás linguas estranxeiras, presentes no ámbito escolar, desde unha perspectiva oral e escrita. (Este PLC «para todos» incorpora o plan lector, o plan oral e a atención á diversidade lingüística)

Ambas as maneiras de afrontar o PLC coinciden en que son acordos arredor do uso, ensino e aprendizaxe das linguas para dar coherencia ao seu tratamento educativo, pero difiren en como entenden ese tratamento (TIL e TILC / CIL e AICLE) e, especialmente, no concepto de «normalización». En conclusión, non vale calquera PLC para a normalización lingüística dun idioma minorizado.



13 Fabregat, S. (2022) *Proyecto lingüístico de centro. Como abordar la mejora de las habilidades comunicativas desde la institución escolar*. Ed. Graó

Para que serve o Proxecto Lingüístico de Centro?

- **Para propiciar un cambio metodolóxico**, a través de metodoloxías activas, como o TIL ou TILC, concretadas no **Caderno TIL do alumnado**; pois todo o profesorado, das Áreas Lingüísticas e das Áreas Non Lingüísticas, comparte unha serie de tarefas asentadas nos xéneros textuais transversais (resumos, esquemas, traballos, presentacións orais, interaccións na aula, uso de ferramentas dixitais, lecturas etc.), para as cales a asunción de acordos redundaría nunhas indicacións comúns que facilitarían o labor do alumnado, nuns instrumentos de avaliación comúns que mellorarían a avaliación competencial e nunha coordinación do profesorado que reduciría a carga de labor docente grazas ao traballo colaborativo.




Ademais, situaría o texto e, polo tanto a(s) lingua(s), no centro do proceso de ensino e de aprendizaxe, o que suporía a incorporación do enfoque comunicativo dun xeito interdisciplinar e con el da teoría construtivista que exige o marco legal actual. Desta maneira poderíase responder á pregunta: para que se ensina ou se aprende unha lingua? Para poder usala na vida real. Algo especialmente necesario para as linguas minorizadas como o galego.

- **Para mellorar a Competencia en Comunicación Lingüística do alumnado primeiro na lingua propia** e, a partir dela, integrar as segundas linguas, as linguas estranxeiras e as linguas clásicas; a través da práctica na aula do translingüismo, que evidencie o común a todas as linguas e contraste aquilo que as diferencia, as puntas do iceberg.

Por iso son necesarios acordos globais, para desenvolver unha metodoloxía común e servirse dun enfoque comunicativo; porque as carencias na competencia comunicativa do alumnado reflíctense en todas as áreas e resultan especialmente

perniciosas á hora de comprender, seleccionar e discernir información, sobre todo nos ámbitos dixitais. AL e ANL sérvense da lingua oral ou escrita como instrumento vehicular e en todas elas o alumnado necesita entender e reproducir estruturas textuais e respectar as convencións morfosintácticas ou ortográficas así como as propiedades textuais; en consecuencia mellorar a CCL do alumnado é tarefa de todo o profesorado. Como sinala Daniel Cassany (1999)¹⁴, todas as persoas docentes son docentes de lingua.

- **Para mellorar a CP do alumnado a partir da lingua propia**, realizando as transferencias necesarias, nas linguas segundas e estranxeiras, grazas á competencia subxacente común («repertorio lingüístico» ou recursos e habilidades necesarias para desenvolver a CP), da que fala J. Cummins (1979)¹⁵ na súa teoría do dobre iceberg, sustento da metodoloxía TIL.



- As linguas no cerebro non están separadas, senón que son interdependentes. Se nun contexto sociolingüístico como o galego, a instrución na lingua minorizada é efectiva á hora de promover a competencia en dita lingua, a transferencia desta competencia á lingua de prestixio darase porque hai unha exposición adecuada a esa lingua e hai motivación para aprendela. Desta maneira asegúrase a formación de alumnado bilingüe (e plurilingüe) sen prexuízos lingüísticos. Pola contra, se a instrución se realiza na lingua hexemónica, o resultado é un bilingüismo substractivo, é dicir, alumnado diglósico con prexuízos lingüísticos e con risco de perda de identidade, porque faltarían os dous requisitos da hipótese de interdependencia de Cummins: exposición e motivación.

¹⁴ Cassany, Daniel (1999), *Construir la escritura*, Barcelona, Paidós.

¹⁵ Cummins, J. (1979) «Interdependencia lingüística y desarrollo educativo de los niños bilingües», en *Infancia y Aprendizaje: Journal for the Study of Education and Development*, páxina web dialnet.unirioja.es



- **Para concretar a identidade do propio centro**, a través dun **Manual de estilo**, na elaboración de documentos internos ou nos medios de comunicación externos, tendo en conta a lingua en que se produce esa comunicación, o coidado desa lingua, o deseño de documentos e cartaces, así como a netiqueta, é dicir, os acordos ou normas aprobadas en relación ao uso da lingua nas redes.
- **Para cumprir cos acordos internacionais e coa lexislación vixente:**
 - o A **Constitución española (1978)**, no seu artigo 3 establece que o castelán é a lingua oficial do Estado e que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.
 - o O **Estatuto de autonomía de Galiza (1981)**, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galiza e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galiza potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
 - o A **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística** garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegura a normalización do galego como lingua propia. O **artigo 14** desta lei indica que **ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais**.
 - o A **Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (DUDL, 1996)** expón no Título primeiro, artigo 7:

1. Todas as linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir e de describir a realidade, por tanto teñen que poder gozar das condicións necesarias para o seu desenvolvemento en tódalas funcións.
 2. Cada lingua é unha realidade constituída colectivamente e é no seo dunha comunidade que se fai dispoñible para o uso individual, como instrumento de cohesión, identificación, comunicación e expresividade creadora.
- o A **Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM, 1992/2001)**, expón na Parte II artigo 7:
 1. As partes basearán a súa política e a súa lexislación, entre outras, no recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural; na facilitación e/ou o fomento do emprego oral e escrito destas linguas na vida pública e na vida privada; na provisión de medios adecuados para o ensino e o estudo destas linguas en todos os niveis.
 2. A adopción de medidas especiais en favor das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover unha igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación e orientadas a ter en conta as súas situacións peculiares, non se considerará un acto de discriminación cos falantes das linguas máis estendidas.
 3. As partes comprométense a fomentar a comprensión mutua entre todos os grupos lingüísticos do país, con respecto e tolerancia cara ás linguas rexionais ou minoritarias.
 4. As partes comprométense a ter en consideración as necesidades e os desexos expresados polos grupos que empreguen as devanditas linguas.
 - o O **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza** regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e ten como obxectivos o de **garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais** e o de **acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)**.
 - o A **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE)** prescribe que **ao finalizar a educación básica, todos os alumnos e alumnas deberán alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e na lingua cooficial correspondente**.

Por outra parte, establece que os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de ámbitos, áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso,

supoña discriminación de ningún tipo. E engade que **adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo a dita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.**

- o O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria; o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza establecen que os centros docentes **impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas** da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No **proxecto lingüístico do centro** concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, **acordos sobre criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas, **acordos sobre a terminoloxía** que se vaia empregar, e o **tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares** nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Nos tres decretos galegos, os currículos de todas as Áreas Lingüísticas recollen o TIL como a metodoloxía para desenvolver e implementar o PLC:

A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos propios das aprendizaxes de calquera lingua (estratexias de comprensión, produción e coprodución, interacción e mediación lingüística), a tipoloxía textual, a definición de termos lingüísticos, e a utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

Pero, realmente, a metodoloxía TIL, prescrita nos centros educativos desde a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE 2013), entra en conflito cun aspecto regulado polo Decreto de plurilingüismo: **«a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo»**; pois, se o tratamento integrado supón a incorporación das linguas segundas e estranxeiras a partir da lingua propia por ser a minoritaria e/ou minorizada (Hipótese de interdependencia de Cummins), o reparto de linguas por materias imposibilita o desenvolvemento do TIL.

Nos modelos de capacitación bi-plurilingüe aos que se refire Dolz (2013), que se serven da integración de linguas, a lingua escolar/vehicular non é a lingua socialmente

dominante, senón unha lingua estranxeira, no caso das escolas internacionais, e a lingua minorizada autóctona, no caso de escolas públicas vascas ou catalás. O TIL tamén asegura a aprendizaxe da lingua maioritaria, pois está presente en todos os contextos (o aprendiz está exposto a ela) e posúe prestixio social (o aprendiz ten motivación para aprendela).

Seguramente por isto, en Cataluña, pioneira na metodoloxía TIL e na elaboración de PLC, recollen no Decret llei 6/2022, entre os criterios para a elaboración dos PLC, a «**inaplicación de parámetros numéricos, proporcións ou porcentaxes no ensino e no uso das linguas**», para favorecer o translingüismo e as transferencias entre as linguas na aula, de maneira que se active a competencia subxacente común, o «repertorio lingüístico» que permite o desenvolvemento da Competencia Plurilingüe (Teoría do dobre iceberg de Cummins, recollida no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL 2001) para acabar coa «múltiple competencia monolingüe» instalada nos centros educativos).

Polo tanto, seguindo a metodoloxía TIL, o sistema educativo plurilingüe dos territorios con lingua propia debe artellarse en torno a esa lingua (o galego no caso de Galiza), e comezar polas dúas linguas oficiais (a propia e o español), porque, como afirma Dolz (2013), «a formación bilingüe é o primeiro paso e unha condición básica para a formación plurilingüe». A partir dese bilingüismo aditivo pódese incorporar polo menos unha lingua estranxeira. A didáctica do plurilingüismo debe ser integradora para formar galegas e galegos políglotas; mais tamén inclusiva, servíndose, por exemplo, de metodoloxías como o «espertar das linguas» para atender a diversidade lingüística do alumnado migrante e desenvolver en todo o alumnado a competencia multicultural. Na liña da nova Lei 17/2023 de educación do País Vasco: «O Sistema Educativo Vasco defínese como plurilingüe, articulado en torno ao *euskera*».



Como se elabora un Proxecto Lingüístico de Centro?

DECRETO 79/2010 PARA O PLURILINGÜISMO

«Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares».

AXENTES	Equipo directivo		Nomear unha comisión do profesorado
	Comisión de Coordinación Pedagóxica		Ratificar o nomeamento do equipo directivo.
	Comisión do profesorado	Xefas/es dos Departamentos das Áreas Lingüísticas*	Redactar o PLC
		Coordinador/a do ENDLG	
		Outras persoas docentes (AL e ANL)	
	Consello Escolar (e de claustro**)		Aprobar o PLC
	Inspección educativa		Revisar cada catro anos o PLC e velar polo cumprimento do marco legal
	Administración educativa		Avaliar o PLC e facer o seguimento dos resultados da súa aplicación coa fin de adoptar as medidas para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a CCL propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais*****.

OBXECTIVOS	Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais, a través do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas	
	Adquirir un coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo.	
	Procurar a colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.	
	Promover a dinamización da lingua galega nos centros de ensino.	
CONTIDOS	A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias. (EP, ESO e Bacharelato)****	Comisión de profesorado
	As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten. (EP, ESO e Bacharelato)	Grupo de Traballo TIL
	Os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais. (FP, EEAA, EPA)	
	Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.	EDLG
ADDENDA ANUAL	Actividades de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.	Acordos e Caderno TIL
	Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería sempre que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).	Seccións bilingües
	Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega re alizados no curso anterior e información do que se fará no curso seguinte.	Programa EDLG

* O decreto non contempla o feito de que en Educación Primaria non hai Xefaturas de Departamentos didácticos das AL, polo tanto aquí terase en conta que será unha comisión formada por profesorado do centro educativo nomeado pola dirección.

** A aprobación do claustro non está contemplada na lexislación vixente.

*** Este reparto é contrario ao tratamento integrado contemplado na lexislación educativa actual.

**** No reparto de linguas por materias, o Decreto prohibe o ensino básico das Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química en galego.

***** Nunca se realizou a avaliación dos resultados derivados da aplicación do Decreto.



Ademais das observacións recollidas ao pé do cadro anterior, existen outros aspectos denunciados polo Consello de Europa, como o reparto de linguas por materias, que obriga a que no ensino básico se impartan en castelán as áreas de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química). Polo que o galego ten prohibido o ámbito científico-matemático-tecnolóxico (STEM).

Outra carencia na aplicación do Decreto 79/2010 está relacionada cos aspectos que nunca se desenvolveron, como a avaliación. Pois cada ano, ao finalizar o curso escolar, a consellería debería avaliar os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da CELRM.

Finalmente, dous dos aspectos máis lesivos do Decreto 79/2010 foron desactivados, grazas, entre outros, ao recurso presentado pola CIG-EnsinO ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que anulou o artigo 5.2, referido á enquisa ás familias para obter información da lingua materna predominante e o artigo 12.3, referido á liberdade do alumnado para utilizar a lingua da súa preferencia.

PROPOSTA NORMALIZADORA

Coa intención de evitar as contradicións entre algúns dos principios do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo e a metodoloxía TIL, disposta no actual marco legal (LOMLOE e decretos curriculares galegos derivados dela); pero co empeño de perseguir o obxectivo común a toda a lexislación (garantir que o alumnado adquiera de forma oral e escrita a CCL propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais), preséntase a seguinte proposta para a elaboración dun PLC con dobre vocación normalizadora. Primeiramente, persegue a normalización da lingua galega; mais tamén pretende os acordos necesarios para a mellora da competencia comunicativa do alumnado e o

desenvolvemento dunha didáctica do plurilingüismo integradora e inclusiva cuxo eixo vertebrador sexa o galego.

Características¹⁶⁻¹⁷

- ▶ Adecuado á contorna sociolingüística. Valora o contexto sociolingüístico do centro e as linguas da contorna, a situación do galego nese espazo, así como a existencia de alumnado cunha lingua inicial distinta ás linguas oficiais.
- ▶ Adecuado á realidade lingüística do centro. Avalía a competencia lingüística do alumnado nas linguas da oferta educativa, pero tamén debe ter en conta a competencia lingüística do profesorado.
- ▶ Consensuado e transformador. É acordado e compartido polo claustro e debe ser capaz de lograr os obxectivos a través das medidas e actuacións propostas, con metodoloxías activas innovadoras.
- ▶ Integral e vinculante. Afecta á totalidade do centro. Todo o profesorado debe telo en conta na súa práctica docente e debe cumprir os acordos acadados.
- ▶ Estable pero non estático. Debe permanecer no tempo, pero actualizarse con addendas anuais e revisarse cada catro anos.
- ▶ Normalizador. Propón estratexias de mellora da CCL que teñen como eixo a lingua galega, a partir da cal desenvolverase a CP incorporando as demais linguas.

Estrutura

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO		
Sensibilización	I. XUSTIFICACIÓN	Para que serve un PLC?
Planificación	II. MARCO LEGAL	Que é un PLC?
	III. CONTIDOS	
	IV. COMISIÓN PLC	Como nos organizamos?
Análise e diagnóstico	V. CONTEXTO	Quen somos?
	VI. SITUACIÓN	Onde estamos?
Desenvolvemento	VII. OBXECTIVOS	Que queremos lograr?
	VIII. METODOLOXÍA	Como queremos traballar?
	IX. LIÑAS DE TRABALLO	Que imos facer?
Avaliación	X. AVALIACIÓN	Como o fixemos?

16 Guía para la elaboración del proyecto lingüístico de centro. Gobierno vasco (2016)

17 Queixas Zas, M. *A planificación lingüística no ensino. O equilibrio lingüístico necesario*. A letra miúda-nº5 – Revista de sociolingüística da CGENDL

Fases

1. Sensibilización

O primeiro paso para abordar o PLC é conseguir a implicación da comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, alumnado, familias...); polo que é importante informar, preguntar e explicar sobre o tratamento das linguas e, especialmente, sobre as actitudes e expectativas en relación á lingua minorizada.

Instrumentos

Guía e folleto para a elaboración do PLC.
Cuestionario para a reflexión do profesorado (ANEXO 1).
Presentación para a comunidade educativa.

Unha vez acabada esta fase, é o momento de redactar a **Xustificación do PLC**.

2. Planificación

a. Organización

O segundo paso para a elaboración do PLC é constituír o grupo de docentes que se ocuparán de elaborar o PLC (Comisión do PLC) e que estará formado como mínimo polas xefas ou xefes dos Departamentos Lingüísticos e a persoa coordinadora do EDLG, se ben poden sumarse todas as persoas docentes que o desexen.

Unha vez constituída a comisión, é o momento de establecer un calendario de actuación, a partir do estipulado na lexislación vixente.

Instrumentos

Acta de constitución da Comisión do PLC.
Cronograma (ANEXO 2)

b. Marco legal

É necesario consultar e coñecer a lexislación autonómica, estatal e europea a respecto dos PLC, porque é ese marco legal o que pon os límites ao proxecto; coñecidas as exigencias, será cando se poidan deseñar as posibilidades reais para o PLC.

EXEMPLO: O Decreto de plurilingüismo prescribe un reparto de linguas por materias, pero nos tres bloques de contidos que exige para o PLC non se aclara como se debe facer ese reparto, tan só se sinala no primeiro deses bloques: «A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias». Tendo en conta que a LOMLOE e todos os decretos galegos emanados dela sinalan o TIL como a metodoloxía para enfrontar a didáctica e avaliación das AL e, polo tanto, para desenvolver os PLC; semella acaído propoñer unha medida que conxugue ambas

as propostas reguladoras e que sirva para lograr o obxectivo marcado por toda a lexislación educativa desde a LNL: garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

MEDIDA: Por imperativo legal é preciso vincular cada lingua a unha materia ou ANL. Porén, isto é contrario á normalización da lingua galega e ao tratamento integrado de linguas, que persegue a transferencia do repertorio lingüístico da L1 á L2 e destas ás L3, L4... En consecuencia, a mellor opción é manter o reparto sinalado no Decreto pero desenvolver a metodoloxía TIL, botando man sempre das dúas linguas oficiais e propiciando as transferencias a partir da lingua minorizada, a través do translingüismo, a comparación e o contraste lingüísticos entre todas as linguas do currículo, tanto nas AL como nas ANL.

C. Contidos

Catro son os contidos exixidos polo marco legal para os PLC que podemos distribuír en dous plans:

- ▶ Plan para o ensino e uso vehicular das linguas do centro
 1. A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias.
 2. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
 3. Procedementos que aseguren que o alumnado dos Ciclos Formativos acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- ▶ Plan para a normalización da lingua minorizada
 4. Obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da galega.

Instrumentos

Plan para o ensino e uso vehicular das linguas do centro (temporización, organización e recursos).
Plan para a normalización da lingua minorizada (temporización, organización e recursos).

Unha vez acabada esta fase, é o momento facer referencia ao **Marco legal** e os **Contidos do PLC**, incorporando as consideracións ou medidas que se crean necesarias para acadar o obxectivo sinalado na LNL.

3. Análise e diagnóstico

a. Contexto

Para saber onde se quere ir, primeiro é necesario coñecer de onde se parte. Evidentemente, cada centro parte dunha realidade diferente, por iso non hai dous PLC iguais e por iso é necesario analizar a realidade sociolingüística do centro e da contorna:

- ▶ Cales son as linguas presentes na localidade na que se atopa o centro?
- ▶ Cal é o modelo de lingua coloquial?
- ▶ Cal é o repertorio lingüístico do alumnado ao chegar ao centro?
- ▶ Cal é o nivel sociocultural dos falantes da lingua minorizada?
- ▶ Que actitudes lingüísticas se observan?
- ▶ Cales son os usos lingüísticos da lingua hexemónica e da lingua minorizada na comunicación social?
- ▶ Cal é o modelo de lingua minorizada que posúe o alumnado (estándar, natural...)?
- ▶ ...

Instrumentos

Enquisas para recoller datos sociolingüísticos (ANEXO 3)

b. Situación

Ademais do contexto, é necesario analizar o grao de desenvolvemento competencial do alumnado en cada unha das linguas curriculares, é dicir, é necesario avaliar a CCL do alumnado en todas as AL. Mais tamén hai que ter en conta a competencia comunicativa do profesorado, avaliable a través da formación e titulacións que posúa.

Instrumentos

Probas competenciais (poden servir os resultados das probas de Avaliación Diagnóstica se se realizan con seriedade) (ANEXO 4).

Unha vez acabada esta fase, é o momento de redactar os resultados da análise, o diagnóstico, é dicir, o **Contexto** e a **Situación do PLC**, incorporando gráficas que recollan estatísticas proporcionadas polas enquisas e polos resultados das probas competenciais.

Aquí finalizaría o primeiro curso de traballo para a elaboración do PLC. Neste momento o centro estaría preparado para deseñar os obxectivos e decidir a metodoloxía que quere poñer en práctica para lograr eses obxectivos, así como as liñas de actuación para implementar o traballo nas aulas.

4. Desenvolvemento

a. Obxectivos


Entre os obxectivos é necesario diferenciar aqueles xerais (enumérase a continuación unha proposta) doutros concretos e mesmo doutros específicos.

OBXECTIVOS XERAIS
Mellorar a competencia comunicativa en todos as áreas, ámbitos e situacións, nas dúas linguas oficiais, coa fin de acadar a competencia lingüística exixida no perfil de saída e idéntica nas dúas linguas oficiais (MCERL: B2) ao finalizar a etapa obrigatoria, para lograr :
▶ Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua inicial e habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela. ▶ Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua inicial e habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.
Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua inicial e habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.
Que o alumnado que ten a lingua castelá como lingua inicial e habitual adquira na escola plena competencia en galego, como segunda lingua, de maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
Desenvolver a CP e multicultural, para que o alumnado adquira o nivel establecido no currículo propio das linguas estranxeiras e das linguas clásicas.
Incorporar metodoloxías activas, nomeadamente o TIL e o TILC, con enfoque comunicativo, para que o alumnado aprenda as linguas coa finalidade de usalas na vida real.
Desenvolver un traballo colaborativo, organizado arredor da tipoloxía textual, que permita desenvolver plans de normalización da lingua galega, plans de lectura, plans de oralidade e a atención á diversidade lingüística.
Xerar recursos (caderno TIL, manual de estilo, netetiqueta, situacións de aprendizaxe...) para implementar na comunidade educativa en xeral e nas aulas en particular o PLC.

OBXECTIVOS CONCRETOS (para todas as áreas)	
Elaborar un Caderno do profesorado	Acordos metodolóxicos
	Acordos terminolóxicos
	Acordos sobre criterios de avaliación
	Acordos para integrar, non repartir nin repetir
Elaborar un Caderno do alumnado	Indicacións para a comunicación (interaccións na aula, correos electrónicos, interacción en redes sociais, presentación de tarefas, traballos e probas...)
	Indicacións para respectar a propiedade textual (citas, referencias...)
	Indicacións para elaborar textos (xéneros transversais)
	Rúbricas para avaliar as producións textuais (orais e escritas)
Deseñar un mapa de xéneros textuais	

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (para áreas específicas)	
Deseñar probas competenciais integradas e integrais (en galego, válidas para varias materias)	
Acordar nas áreas matemático-científico-tecnolóxicas	un plan de lectura semanal
	unha exposición oral trimestral
	unha produción textual expositivo-argumentativa trimestral
Deseñar situacións de aprendizaxe integradas*	

- * Estas situacións de aprendizaxe (SA) sérvense do galego como lingua vehicular do propio recurso. O esquema recolle o organigrama dunha SA concreta que xira arredor do xénero discursivo da narración. Presenta a situación, o contexto e o reto en galego. Desenvolve a primeira secuencia didáctica (SD) en galego e, despois, incorpora as restantes linguas: SD2, en español; SD3, en inglés; SD4, en francés ou portugués e SD5, en latín ou grego. Acaba co produto final tamén en galego.



b. Metodoloxía

A metodoloxía para desenvolver o PLC é a metodoloxía do tratamento integrado e integral de linguas e contidos (TIL e TILC), unha metodoloxía activa, con enfoque comunicativo, que xira arredor do uso social da lingua.

METODOLOXÍA ACTIVA	A alumna/o alumno é o centro e protagonista do seu proceso de aprendizaxe.
	Os recursos para a aprendizaxe son diversos, xerados pola persoa docente segundo as necesidades.
	O método adáptase ás necesidades de cada alumna/o.
	A aprendizaxe é significativa, debe servir fóra da aula. O alumnado debe ser quen de transformar a información en coñecemento propio para seguir aprendendo de xeito autónomo.
	A avaliación é formativa, integradora e continua, debe dirixirse a todo o proceso, non só ao seu resultado.

ENFOQUE COMUNICATIVO	O ensino e a aprendizaxe da lingua ten como fin o seu uso na vida real, porque coa lingua faise todo: comunicar, aprender, crear, reflexionar, participar en sociedade...
	Perséguese o desenvolvemento das habilidades comunicativas, a través de tarefas auténticas, usando as TICs e reflexionando sobre o uso da lingua.
	Céntrase no texto (discurso) como a unidade básica de comunicación humana, entendendo que o texto non é só un sistema de signos, senón tamén unha institución social.
	A textualidade significa o paso dunha gramática oracional (que aprendemos na escola tradicional) a unha gramática textual, que atende á estrutura dos textos, ás súas propiedades (coherencia, cohesión e adecuación), intencións e situacións comunicativas. Polo tanto, a oración, a palabra, a sílaba o fonema non poden ser ensinados illadamente.
	O enfoque comunicativo considera a lingua como parte dunha comunidade de falantes, cunhas circunstancias sociais, espaciais e temporais, e defende que aprender a usar unha lingua implica adquirir os coñecementos socioculturais básicos da comunidade lingüística correspondente. Por isto considera a diversidade lingüística e as variedades das linguas como unha riqueza, enfrontándose á visión homoxénea do Estruturalismo.
ENFOQUE GLOBAL	Supón aprender as linguas de maneira competencial e facilitar o seu uso en situacións de aprendizaxe real.
	Supón ensinar as linguas de maneira coherente e integrada (TIL) e a través de todas as materias (TILC).
	Búscase en todo momento a intercomprensión e a transferencia entre linguas.
TEORÍA CONSTRUTIVISTA	Persegue a formación de seres humanos autónomos e críticos, grazas ao sentido social e persoal das aprendizaxes.
	Aséntase en coñecementos previos, na contorna e persegue a aprendizaxe significativa, resolución de problemas, traballo colaborativo.

c. Liñas de traballo

Feita a análise e acordados os obxectivos, é o momento da toma de decisións sobre actuacións e medidas para levar a cabo: metodolóxicas, organizativas e sobre os recursos e actividades.

Instrumentos

Plan para o ensino e uso vehicular das linguas do centro.
Plan de actuación.
Plan de actividades para a dinamización e fomento da lingua galega.

LIÑAS DE TRABAJO		
Plan para o ensino e uso vehicular das linguas do centro	Para lograr os obxectivos xerais	En que lingua(s) se impartirán as materias?
		Como se implementará o TIL na aula?
		Que medidas se adoptarán para atender á diversidade lingüística do alumnado?
		De que maneira se asegurará e se comprobará que o alumnado acada a CCL propia do nivel?
Plan de actuación	Para lograr os obxectivos concretos e específicos: - Para a oralidade - Para a produción escrita - Para a comprensión lectora - Para a organización dos niveis e das materias por xéneros textuais	Como organizar os recursos humanos para crear materiais?
		Como lograr a coordinación do profesorado?
		Como deseñar as liñas de traballo?
Plan de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega	Para derrubar prexuízos e colaborar á normalización lingüística	Como organizar o EDLG?
		Como deseñar un proxecto?
		Como deseñar e organizar un Plan de actividades?

A realidade coa que se atopa o profesorado nos centros de ensino é cada vez máis complexa. Lingüisticamente os centros son moi diversos e necesitan un plan específico que atenda as necesidades propias da súa contorna. Segundo Formoso e Tarela (2025)¹⁸, en liñas xerais, existen tres tipos de centro segundo o perfil do

18 Formoso, V. e Tarela, S. (2025). Integración de migrantes na secundaria. *Traballando en Lingua con Inmigrantes. XVIII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística*. Universidade da Coruña

alumnado autóctono: rurais, con maior uso do galego; vilegos, con usos diversos do galego; e urbanos, sen uso do galego. A estes tres grupos hai que engadir os perfís do alumnado migrante, pois non é o mesmo que se trate de alumnado de familias retornadas, procedente da lusofonía ou de países hispanos que de alumnado procedente de países europeos ou de países africanos, asiáticos...

A incorporación do alumnado estranxeiro fai necesario profundar nas medidas para atender á súa diversidade lingüística, polo que seguramente sería necesario engadir unha cuarta liña de traballo: Plan de integración do alumnado (in)migrante.



Fonte: Táboa obtida deFormoso e Tarela (2025).

Para Formoso e Tarela (2025), este plan pasa por tres fases: acollida, integración e inclusión. As autoras propoñen deseñar protocolos, eliminar a exención e utilizar a lingua galega como lingua de acollida. Sinalan que o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega e o profesorado de Lingua Galega deben ser quen lideren no centro este proceso, no marco do PLC, deseñando estratexias e desenvolvendo o TIL.

Seguramente a metodoloxía máis acaída para estes casos é o «espertar das linguas», cuxo enfoque plural permite incorporar linguas non curriculares, pero que forman parte da diversidade lingüística da aula, achegando a todo o alumnado unha formación multilingüe e multicultural.

Unha vez acordadas as liñas de actuación, é o momento de redactar o PLC, de comunicalo a dirección e dalo a coñecer á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa posterior aprobación polo Claustro e o Consello Escolar. Finaliza así o labor do 2º curso. No 3º, lévase a cabo a implementación de todas as medidas acordadas e no 4º, faise avalíase o proceso, así como os resultados coa finalidade de revisar e mellorar o PLC de cara á súa implantación estable; pois non se trata de que cada catro anos se empece de novo, senón que se avance sobre o traballo feito. Esta temporalización, evidentemente, só é unha proposta, pois haberá centros que poidan realizar a primeira fase nun trimestre e outros necesiten máis dun curso.

5. Implementación

Posta en practica das medidas acordadas e aprobadas.

Instrumentos

Tríptico informativo sobre o TIL (ANEXO 5).
 Caderno TIL do profesorado (ANEXO 6).
 Caderno TIL do alumnado (ANEXO 7)
 Mapa dos xéneros textuais.
 Situacións de aprendizaxe, secuencias didácticas e tarefas competenciais (ANEXO 8).

6. Avaliación

Addendas anuais	Recollida das modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
	Recollida de información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
	Incorporación e/ou revisión e actualización dos Acordos para o TIL e/ou TILC
Renovación cada catro anos	Seguimento, revisión e avaliación.

Ferramentas

- ▶ Cuestionario para a reflexión e a sensibilización do profesorado (Anexo 1)
- ▶ Cronograma (Anexo 2)
- ▶ Enquisas para recoller os datos sociolingüísticos (Anexo 3)
- ▶ Probas para avaliar a competencia comunicativa (Anexo 4)
- ▶ Tríptico informativo TIL (Anexo 5)
- ▶ Caderno do profesorado TIL (Anexo 6)
- ▶ Caderno do alumnado TIL (Anexo 7)
- ▶ Situacións de aprendizaxe TIL ((Anexo 8)

Guía para elaborar un PLC

PLC	FASES PARA A ELABORACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALO	INSTRUMENTOS DE TRABALO	AXENTES	CONTIDOS DO PLC
1ª fase	Sensibilización Para que un PLC?	Distribución dunha guía informativa sobre o PLC entre a comunidade educativa.	• Guía para a elaboración dun PLC • Cuestionario para a comunidade educativa arredor do PLC	Equipo directivo e ENDLG	Xustificación
	Planificación	Constitución do equipo de traballo (comisión do profesorado) para escoller a persoa coordinadora, acordar as fases, concretar as tarefas, designar responsables e establecer un calendario.	• Acta de constitución da comisión do PLC • Cronograma	Comisión do PLC	Marco legal e Contidos
	Análise da situación e diagnóstico Quen somos e onde estamos?	Análise da situación sociolingüística de partida que presenta o centro valorando tanto a lingua da contorna, como a lingua do profesorado, alumnado e máis a ambientabilidade lingüística do centro	Enquisa para recoller datos	EDLG	Contexto (contorna e comunidade educativa)
		Análise do grao de desenvolvemento da CCL do alumnado en cada lingua da oferta educativa e análise da situación actual do centro arredor das AL.	Probas competenciais para cada AL	Grupo de traballo TIL	Situación (alumnado e profesorado)

PLC	FASES PARA A ELABORACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALO	INSTRUMENTOS DE TRABALO	AXENTES	CONTIDOS DO PLC
2ª fase	Obxectivos Que queremos?	Mellorar a competencia comunicativa en todos as áreas, ámbitos e situacións, nas dúas linguas oficiais, co fin de acadar a competencia lingüística exixida no perfil de saída e idéntica nas dúas linguas oficiais (MCERL: B2) ao finalizar a etapa obrigatoria, para lograr : • Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua inicial e habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela. • Que o alumnado que ten a lingua castelá como lingua inicial e habitual adquira na escola plena competencia en galego, como segunda lingua, de maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.	Acordo sobre os obxectivos e a metodoloxía para logralos, unha vez analizada a situación de partida.	Comisión do PLC	Obxectivos e Metodoloxía (TIL)
		Desenvolver a CP e multicultural, para que o alumnado adquira o nivel establecido no currículo propio das linguas estranxeiras e das linguas clásicas.			
		Incorporar metodoloxías activas, nomeadamente o TIL e o TILC, con enfoque comunicativo, para que o alumnado aprenda as linguas coa finalidade de usalas na vida real.			

2ª fase	Planificación de medidas consensuadas Que imos facer?	Desenvolver un traballo colaborativo, organizado arredor da tipoloxía textual, que permita desenvolver plans de normalización da lingua galega, plans de lectura, plans de oralidade e plans de atención á diversidade lingüística.			
		Xerar recursos (caderno TIL, manual de estilo, netetiqueta, situacións de aprendizaxe...) para implementar na comunidade educativa en xeral e nas aulas en particular o PLC.			
		Toma de decisións sobre actuacións e medidas para levar a cabo: metodolóxicas, organizativas e sobre os recursos e actividades. • En que lingua se impartirán as materias? Como se implementará o TIL na aula? • Que medidas se adoptarán para atender á diversidade lingüística do alumnado? – De que maneira se asegurará e se comprobará que o alumnado acada a CCL propia do nivel? Redacción do documento.	Plan de actuación • Plan para o ensino e uso vehicular das linguas do centro • Plan para a normalización da lingua minorizada	Comisión do PLC	PLC
		Comunicación do resultado.		Equipo directivo e CCP e claustro	
		Aprobación de documento.	Consello Escolar e Claustro		

PLC	FASES PARA A ELABORACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALO	INSTRUMENTOS DE TRABALO	AXENTES	CONTIDOS DO PLC
3ª fase	Desenvolvemento Que queremos?	Posta en practica das medidas acordadas e aprobadas: • Metodoloxía TIL • Enfoque comunicativo para AL e ANL • Reparto de xéneros textuais por áreas • Instrumentos de ensino, de aprendizaxe e de avaliación interdisciplinares	• Tríptico informativo sobre o TIL • Acordos TIL profesorado • Caderno TIL alumnado • Mapa dos xéneros textuais • Situacións de aprendizaxe, secuencias didácticas e tarefas competenciais	Grupo de traballo TIL	Addenda anual
		Plan de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega.	Programa do EDLG	EDLG	

PLC	FASES PARA A ELABORACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALO	INSTRUMENTOS DE TRABALO	AXENTES	CONTIDOS DO PLC
4ª fase	Avaliación Que logramos?	Avaliación do proceso de elaboración e implantación do PLC. Avaliación das medidas propostas. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos. Avaliación das liñas de traballo. Avaliación das actividades.	• Enquisa para recoller a opinión de toda a comunidade educativa. • Instrumentos para avaliar o grao de desenvolvemento da CCL nas linguas da oferta educativa. • Instrumentos para avaliar o uso da lingua galega.	Comisión do PLC Grupo de Traballo TIL EDLG	Addenda anual
		Avaliación e seguimento dos resultados da aplicación do PLC co fin de adoptar as medidas para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a CCL propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais.		Administración educativa	
		Revisión cada 4 anos do PLC e supervisión do cumprimento do marco legal.		Inspección educativa	Revisión e actualización cada 4 anos
	Propostas de mellora Que debemos cambiar?	• A lectura en galego • A expresión oral • A expresión escrita • A comprensión lectora	Proxecto gaLEgo Plan da oralidade Plan de escrita Plan lector		

Conclusión

Os expertos en Ecolingüismo din que o multilingüismo é como un ecosistema que sofre tensións (a mestura=pidgin, a perda=substitución), por iso urxe unha Ecoloxía das Linguas (a recuperación= normalización), porque a preservación das linguas non é só un asunto lingüístico, senón que forma parte da loita pola democracia e os dereitos colectivos das persoas, dos pobos que as crearon e dos seus falantes.

Por isto é necesario un uso flexible dos recursos lingüísticos que posúen as/os falantes de máis dunha lingua, é dicir, o uso de máis dunha lingua na aula para desenvolver o translingüismo (Williams 1980), que supón un paso máis no desenvolvemento do tratamento integrado e integral de linguas e contidos, pois trátase de propiciar as transferencias desde a lingua minorizada ás linguas ambientais ou hexemónicas e ás linguas estranxeiras.

Esta é a metodoloxía e o obxectivo do proxecto lingüístico do centro: desenvolver un plurilingüismo vertebrado a partir do galego para formar galegas e galegos políglotas.

Esa é a finalidade do PLC, porque as linguas son unha cuestión de dereitos humanos, claves para o diálogo e a paz, para a cohesión social e como motor económico. Se se pretende un ensino inclusivo, é necesario impulsar modelos que fomenten o uso da lingua e cultura propias; apoderar as comunidades con linguas minorizadas e fortalecer as diferentes identidades. Como fai a Universidade do País Vasco (UPV)¹⁹ ao incorporar aos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable o obxectivo 18, que reivindica e garante a presenza e o recoñecemento de todas as linguas e culturas na Axenda 2030 para o desenvolvemento das persoas e as sociedades.



¹⁹ UPV. Cátedra UNESCO de Patrimonio Lingüístico Mundial, dispoñible en <https://www.ehu.eus/es/web/mho-unesco-katedra/garapen-iraunkorrerako-18.-helburua>

Referencias e bibliografía

- A Mesa pola normalización lingüística (2020). *Proposta de modelo para a normalización lingüística no ensino*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://www.amesa.gal/noticias/a-mesa-e-entidades-da-comunidade-educativa-proponen-un-modelo-para-a-normalizacion-do-ensino-en-galego/>
- Area, I. e Jornet, M. (2025). *A Mathematical Analysis for the Dynamics of Multiple Languages*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/modelo-matematico-predi-futuro-linguas-que-coexisten>
- Bilbao, P. (2019). Competencia na lingua propia no sistema educativo da Comunidade Autónoma Vasca: Luces e sombras. *I Xornadas de debate e reflexión sobre a lingua no ensino*. CIG-Ensino e Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://www.cig-ensino.gal/files/Formacion/Cursos-Recursos/oEnsinoEnGalegoGalegoNoEnsino/PAUL%20BILBAO%20SARRIA.pdf>
- Cassany, Daniel (1999), *Construir la escritura*, Barcelona, Paidós
- CIG-Ensino (11-10-2024) A Xunta xa conseguiu o seu obxectivo: o castelán é o idioma predominante en Galiza. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-xunta-xa-conseguiu-o-seu-obxectivo-o-castelan-e-o-idioma-predominante-en-galiza.html>
- Cummins, J. (1979). Interdependencia lingüística y desarrollo educativo de los niños bilingües. *Infancia y Aprendizaje: Journal for the Study of Education and Development*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://dialnet.unirioja.es/>
- Decret llei 6/2022, de 30 de maig, pel qual es fixen els criteris aplicables a l'elaboració, l'aprovació, la validació i la revisió dels projectes lingüístics dels centres educatius. *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, núm. 8678A, de 30 de maio de 2022. <https://portaljuridic.gencat.cat/ca/document-del-pjur/?documentId=929826>
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galica*, núm. 97, de 25 de maio de 2010. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2010/20100525/Anuncio196D2_gl.html

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria. *Diario Oficial de Galicia*, núm.183, de 26 de setembro de 2022. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001_gl.html
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria. *Diario Oficial de Galicia*, núm.183, de 26 de setembro de 2022. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230613/AnuncioG0655-290523-0001_gl.html
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, núm.183, de 26 de setembro de 2022. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0003_gl.html
- Dolz, J. & Idiazabal, I. (eds.) (2013). *Enseñar (lenguas) en contextos multilingües*. Euskal Herriko Unibertsitateko Argitalpen Zerbitzua
- Fabregat, S. y Gómez, A. (2011). La mejora de la expresión escrita a través de la formación en centros: el proyecto lingüístico en secundaria. *Lenguaje y textos*, 33, 21-28
- Fabregat, S. (2020). La mejora de las habilidades comunicativas como espacio de innovación: un acercamiento al Proyecto Lingüístico de Centro (PLC). *Bellaterra Journal of Teaching & Learning Language & Literature* Vol. 13(4), Nov-Des 2020, e992
- Fabregat, S. (2022) *Proyecto lingüístico de centro. Como abordar la mejora de las habilidades comunicativas desde la institución escolar*. Ed. Graó
- Fernández, A., Lorenzo, A. y Ramallo, F. (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia
- Formoso, V. e Tarela, S. (2025). Integración de migrantes na secundaria. *Traballando en Lingua con Inmigrantes. XVIII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística*. Universidade da Coruña
- Gobierno Vasco (2016). *Guía para la elaboración del proyecto lingüístico de centro*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de https://www.euskadi.eus/contenidos/documentacion/inn_doc_lenguas/es_def/adjuntos/500012c-Pub_EJGV_gida_hizpro_c.pdf
- Instituto Galego de Estatística (2024). *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206004
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 84, de 14 de xullo de 1983. https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf

- Ley 17/2023, de 21 de diciembre, de Educación de la Comunidad Autónoma del País Vasco. *Boletín Oficial del País Vasco*, núm. 3, de 4 de xaneiro de 2024. <https://www.euskadi.eus/web01-bopv/es/p43aBOPVWebWar/VerParalelo.do?cd2024000037>
- López, A. y Trujillo, F. (coord.) (2013). *Guía para el diseño y puesta en marcha de un proyecto lingüístico de centro*. OAPEE
- Lorenzo, A. (2005). Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego. *Cadernos de Lingua* 27, pp. 37-59. Universidade de Vigo https://alorenzo.webs.uvigo.es/Docs/Anxo_CadenosdeLingua_2005.pdf
- Pascual, V. (2008). A elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro, en *III Seminario de Dinamización Lingüística no ensino*. Universidade de Vigo
- Pérez Invernón, A. (2019). El Proyecto Lingüístico de Centro: una evolución necesaria para la mejora de la Competencia en Comunicación Lingüística. *Tejuelo*, nº 30
- Queixas Zas, M. (2014). A planificación lingüística no ensino. O equilibrio lingüístico necesario. *A letra miúda-nº5 – Revista de sociolingüística*. Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de https://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/aletramiuda/index.php?art=art5_n5.html
- Monteagudo, H., Loredó, X. & Vázquez-Grandío, G. (2024). *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)*. Real Academia Galega <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/445/448/656>
- Ruíz, T. (2008). El tratamiento integrado de lenguas. Construir una programación conjunta. *Textos 48*. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de https://ateneu.xtec.cat/wikiexport/_media/fic/cco/cco04/fase_4/tildelateoriaaalapRACTICA.pdf
- Siguán, M. (coord.) (1996). *La enseñanza precoz de una segunda lengua en la escuela*, 78-88. Barcelona: Horsori / ICE Universidad de Barcelona.
- Silva, B. (2008). Plurilingüismo a partir do galego. O papel da escola. *Revista Educa* nº 53. Dialnet <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2658103>
- Universidade País Vasco (2019). Cátedra UNESCO de Patrimonio Lingüístico Mundial. Recuperado o 20 de xullo de 2025, de <https://www.ehu.eus/es/web/mho-unesco-katedra/garapen-iraunkorrerako-18.-helburua>

Anexos

ANEXO 1. Cuestionario para a reflexión do profesorado

Puntúa do 1 ao 10 as seguintes afirmacións, reflectindo o 1 unha opinión en total desacordo e o 10 unha opinión en total acordo.

CUESTIÓN S PARA A REFLEXIÓN E A SENSIBILIZACIÓN DO PROFESORADO ARREDOR DO PLC		1-10
1	A lingua é un instrumento para a comunicación e a convivencia.	
2	A lingua oral e escrita é o instrumento básico en todas as áreas, polo que todo o profesorado ten parte de responsabilidade no seu ensino.	
3	A diversidade do alumnado exige buscar novas estratexias para o ensino e a aprendizaxe, tamén das linguas.	
4	É responsabilidade de todo o claustro chegar a acordos sobre as linguas.	
5	O centro debe propor liñas de formación ao profesorado en relación coa didáctica das linguas.	
6	As novas tecnoloxías ofrecen novas ferramentas para o ensino e a aprendizaxe das linguas.	
7	O ensino e a aprendizaxe das linguas desenvólvese en todas as materias.	
8	O alumnado debe producir textos tamén nas ANL e o profesorado debe corrixir e avaliar esas producións textuais, que deben figurar nas PD.	
9	A comprensión oral e escrita debe desenvolverse en todas as áreas e tamén a súa avaliación debe figurar nas PD.	
10	Nas clases de Ciencias Sociais, Matemáticas ou Ciencias da Natureza non hai tempo para traballar a lingua.	
11	O profesorado das AL debería preocuparse por coordinarse e colaborar co profesorado das ANL.	
12	Aprender non é só recibir información. O alumnado interioriza e aprende a través da interacción.	
13	Hai que coñecer perfectamente a gramática dunha lingua para ser usuario competente da mesma. Por tanto, a área de linguas ten como prioridade asegurar ese coñecemento.	

14	Hai que levar a cabo un traballo coherente nas linguas entre os ciclos e as etapas.	
15	Cada lingua ten que ter o seu lugar no centro.	
16	Hai que repartir o horario escolar de forma equilibrada entre as diferentes linguas.	
17	A integración ou o uso de varias linguas na aula leva a erros por interferencias.	
18	O profesorado non ten por que saber máis dunha lingua.	
19	As actividades complementarias e extraescolares deben desenvolverse en galego para lograr un uso social da lingua minorizada.	
20	A acollida, integración e inclusión de alumnado inmigrante debe facerse en galego.	
21	A situación da lingua galega variou no centro nos últimos anos.	
22	O galego xa é unha lingua normalizada posto que é oficial.	
23	A integración das linguas non se pode facer a partir do galego porque sería ilegal e atentaría contra os dereitos lingüísticos de quen non fala galego.	
24	A normalización lingüística é cousa do ENDLG non do PLC nin do TIL.	
25	O mapa lingüístico de centro modificouse e volveuse máis complexo.	

ANEXO 2. Cronograma

Cada centro educativo deseñará o seu PLC atendendo ás súas circunstancias particulares, polo que é imposible facer dous PLC iguais e, polo tanto dous cronogramas iguais. O que a un centro lle pode levar un trimestre, noutro centro pode necesitar un curso ou demorarse máis.

FASES	RESPONSABLES	PARTICIPANTES	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Sensibilización				
Planificación				
Análise da situación e diagnóstico				
Desenvolvemento				
Avaliación				

ANEXO 3. Enquisa para recoller os datos sociolingüísticos

Achéganse 4 modelos de enquisas para recoller os datos sociolingüísticos do centro e da súa contorna que permitan a análise e o diagnóstico da situación de partida:

- ▶ Enquisa para as familias
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfV0gLLJa9feADAYe6W3UgEcpRnMLnogPjn_ca9rS7yD4oslRw/viewform?usp=header
- ▶ Enquisa para o centro
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdnkzqIkIZFovDD58kNodF_ArhgsU6MVDHNqgv3cfSUJaGALg/viewform?usp=header
- ▶ Enquisa para o profesorado
<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdNIQVoMkxV8DuWsZ9o3DxYeVvzfdi-7lBdj8chc5wty7qqTQ/viewform?usp=header>
- ▶ Enquisa para o alumnado
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfiTa_nCReOmO8upwuN-Fwv7AX05XPTD-23iDC5fyYfSM5Sn-Q/viewform?usp=header

Achégase tamén o informe que a RAG elaborou a partir das enquisas realizadas no IES Félix Muriel de Rianxo. Pódese consultar ou descargar na Aula Virtual do instituto, no espazo do Tratamento Integrado de Linguas, na pestana PLC.

- ▶ Mapa sociolingüístico escolar do IES Félix Muriel 2022-2023
<https://www.calameo.com/books/00761361315bd0f3c9f7e>

ANEXO 4. Probas para avaliar a competencia comunicativa

Achéganse os modelos de probas utilizados no IES Félix Muriel. Elaboráronse a partir das probas diagnósticas, das probas da Escola Oficial de Idiomas e do Instituto Camoens. Pódense consultar ou descargar na Aula Virtual do instituto, no espazo do Tratamento Integrado de Linguas, na pestana Probas de Avaliación Competencial.

- ▶ Probas para avaliar a competencia comunicativa nas linguas da oferta educativa
<https://centros.edu.xunta.gal/iesfelixmuriel/aulavirtual/course/view.php?id=579>

Atópanse na Aula Virtual do IES Félix Muriel, no espazo TIL, no apartado do Seminario Permanente TIL, ao que se pode acceder como convidado.

ANEXO 5. Tríptico informativo TIL

- ▶ Tríptico para o profesorado
<https://www.calameo.com/books/007613613040bb584dd0a>

ANEXO 6. Caderno do profesorado TIL

- ▶ Acordos TIL
<https://www.calameo.com/books/0076136138ff92c21a7d3>

ANEXO 7. Caderno do alumnado TIL

- ▶ Caderno do alumnado
<https://www.calameo.com/books/00761361371add21d7309>

ANEXO 8. Actividades e situacións de aprendizaxe TIL

- ▶ Le mystère du «mormoloc»
<https://www.calameo.com/books/007613613368a0e50db02>
- ▶ En Marlou
<https://marlou3.webnode.es/situacions-de-aprendizaxe/>

